



8M 2025

Día internacional das
mulleres traballadoras

MATERIAIS para traballar
nas aulas de INFANTIL



Xustificación

A conmemoración do **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras**, é unha data fundamental para reflexionar sobre a loita das mulleres pola igualdade de dereitos e oportunidades en todos os ámbitos da vida.



A introdución de programas de prevención da violencia de xénero en educación infantil está apoiada por un marco legal que busca garantir a igualdade e a protección dende as primeiras etapas educativas. O artigo 24 da Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes establece que

«as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes, a través da integración activa nos obxectos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados se produzan desigualdades entre mulleres e homes».

Así, contéplase o desenvolvemento de actuacións orientadas a fomentar a igualdade en todas as etapas educativas e a eliminar os

«comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración nos libros de texto e materiais educativos».

Nesta proposta didáctica para infantil, traballarase de xeito adaptado ao nivel cognitivo e emocional das crianzas para que comprendan conceptos básicos sobre a igualdade de xénero, a relevancia das achegas das mulleres ao longo da historia e a relacionarse dende a escoita activa e a colaboración entre persoas.

A proposta busca, a través de actividades diversas e motivadoras, achegar á infancia os referentes femininos, xa sexan científicas, deportistas, activistas ou persoas comúns que, dende o seu lugar na sociedade, foron e son motor de cambio. A memoria colectiva das mulleres que marcaron a historia debe ser unha fonte de aprendizaxe e apoderamento para as crianzas, permitindo que nenas e nenos descubran que as mulleres tamén tiveron un papel esencial na construción do mundo que coñecemos hoxe. A través deste proceso de recuperación de memorias, as crianzas

non só descubrirán exemplos de mulleres que foron pioneiras e referentes nas súas respectivas áreas, senón que tamén aprenderán a valorar o seu propio potencial como parte dun legado vivo que contribúe a seguir cambiando as regras do xogo.

A memoria das mulleres, entendida como o recoñecemento e a preservación do seu traballo e logros, ten un valor inmenso no proceso de apoderamento das novas xeracións. Con todo, sabemos que esta memoria non sempre é recoñecida nin visibilizada:

- Segundo estudos realizados pola profesora Ana López Navajas, tendo en conta calquera materia impartida na Educación Secundaria Obrigatoria, as mulleres só aparecen no 7,5% dos libros de texto.
- Segundo o informe Mulleres en STEM da Esade, xa en 4º de Primaria, as nenas presentan unha probabilidade un 15% menor que os nenos de considerar as matemáticas a súa materia preferida e entre un 8% e un 9% menor de considerarse boas, aprender rápido ou desfrutar. Pensan con maior probabilidade que son aburridas e difíciles, aínda que é máis probable que lles dediquen tempo e esforzo.
- Como consecuencia, a porcentaxe de mulleres nunha ocupación científica ou técnica sobre o total de mulleres traballadoras de España en 2022 era de 5,5%, mentres que no caso dos homes esa cifra é do 13%. Hai que ter en conta que, segundo as investigacións realizadas por Irene Solbes Canales, as crianzas de 4 anos xa teñen roles de xénero identificados, polo que as mensaxes que van recibindo ao longo da vida inflúen na percepción das súas capacidades.
- En 1993, a científica Margaret W. Rossiter definiu o Efecto Matilda como o esquecemento consciente e sistemático que sufriron as achegas das mulleres científicas e investigadoras. Este efecto pon de manifesto non só a discriminación sufrida por estas mulleres, senón tamén a negación das contribucións, descubrimentos e traballos, outorgando a autoría de todo isto aos seus compañeiros homes.

A través da recuperación e visibilización das figuras femininas e das súas historias, o obxectivo é que as crianzas poidan identificarse con modelos de mulleres que conseguiron vencer obstáculos e alcanzar grandes obxectivos en campos tan diver-



sos como a ciencia, a arte, o deporte, a educación e moitos outros. Estas historias fan que as crianzas, especialmente as nenas, poidan sentirse apoderadas, crendo na súa presenza e capacidade para acadar aquilo que se propoñan.

Na infancia, a formación das ideas sobre o xénero e os roles sociais é crucial, e os referentes xogan un papel decisivo neste proceso. As historias que compartimos coas crianzas dende pequenas axudan a darlles ferramentas para comprender a igualdade de xénero e a diversidade, e tamén lles proporcionan a capacidade de cuestionar os estereotipos preexistentes sobre o que poden ou non lograr. Neste sentido, expertas como Ana Isabel Agustí López sinalan tres claves a ter en conta para a educación en igualdade:

- As palabras como principal vehículo da aprendizaxe. As crianzas entran en contacto con todo o que aprenden na escola a partir da linguaxe. Por isto, é fundamental apostar por unha linguaxe inclusiva e non sexista que recoñeza e visibilice a diversidade humana.
- O profesorado como referente. As docentes convértense nun referente de autoridade para o alumnado, que guía, marca límites e infunde respecto e confianza. A coeducación supón mostrar modelos e referentes do que queremos ver no mundo.
- Mirada crítica ante o sexismo transmitido a través das canles de socialización (televisión, publicidade, literatura, música, etc.). É fundamental que as crianzas aprendan a analizar de maneira crítica a información que lles chega, aprendendo a facerse preguntas e cuestionar se esas mensaxes que reciben son válidas ou non para a súa propia experiencia.

Así, o principal obxectivo desta proposta didáctica é que as crianzas sexan conscientes de que tanto as mulleres como os homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolverse plenamente en calquera ámbito. É un convite a reflexionar, aprender e crecer xuntas, facendo da memoria das mulleres unha ferramenta poderosa de apoderamento e cambio.

Metodoloxía

Esta proposta didáctica está elaborada para abordar diferentes aspectos vinculados á igualdade de xénero na etapa de educación infantil. Está pensada para ser empregada non só por docentes, senón tamén por familias e outros axentes implicados na formación das crianzas. A metodoloxía empregada é activa e participativa, promovendo a colaboración e a implicación de todas as persoas involucradas no proceso educativo.

Un elemento clave desta proposta é a utilización do xogo como ferramenta central no ensino-aprendizaxe. Mediante actividades lúdicas, as crianzas teñen a oportunidade de coñecer e reflexionar sobre a igualdade de xénero, a diversidade e o respecto, adquirindo competencias sociais e emocionais axeitadas para a súa idade. O xogo ofrécelles un medio accesible e motivador para explorar estas cuestións, ao tempo que potencia a empatía e a curiosidade.

O papel do profesorado resulta esencial, actuando como guía e apoio no desenvolvemento das aprendizaxes do alumnado. A mestra ou mestre creará un ambiente inclusivo e seguro, favorecendo que todas as crianzas poidan expresar as súas ideas e sentimentos libremente. Ademais, acompañará as actividades para garantir a participación equitativa, adaptando as propostas ás necesidades individuais do grupo a través da observación e a retroalimentación constante.

Esta proposta didáctica pretende concienciar sobre a importancia de contar con boas referentes ao longo de todas as etapas da vida, ofrecendo ás crianzas modelos positivos que lles permitan sentirse apoderadas e desenvolver unha autoestima sólida. Ao recoñecer a diversidade de experiencias e valores das persoas que as rodean, as crianzas poden adquirir ferramentas para construír relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a valoración mutua.

Como complemento, é recomendable establecer previamente un pacto ou acordo no grupo, onde se definan os valores e límites que se traballarán durante as actividades. Estes principios poderán ser recollidos por escrito e expostos na aula como normas que rexan o funcionamento do espazo compartido.

Obxectivos xerais

- Visibilizar referentes femininas
- Reeducar os estereotipos de xénero
- Incentivar a expresión corporal e a comunicación non verbal
- Estimular a creatividade e a expresión artística
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración
- Favorecer a expresión emocional e o autoconhecimento
- Reforzar a escoita activa
- Reflexionar sobre as responsabilidades e a importancia dos coidados

Actividades

Actividade 1. MULLERES INSPIRADORAS

Descrición da actividade



Leremos historias de mulleres na aula que se poden extraer do *Álbum de mulleres* ou de contos (*Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes*, *Pequeña y grande*, *Pioneiras*, *Pioneiras 2*). Despois cada crianza fará un debuxo da súa historia favorita ou da muller que máis lle chamou a atención. Cos debuxos pode facerse un mural colaborativo na aula.

Obxectivos da actividade

- Visibilizar referentes femininas
- Estimular a creatividade e a expresión artística
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración

Materiais

- Folios ou cartolina
- Cores

Actividade 2. AS PALABRAS MÁXICAS

Descrición da actividade

Utilizaremos unha caixa na que meteremos papeis con palabras escritas que poidamos relacionar coa igualdade e as mulleres (forza, valentía, coidado, ciencia, arte, etc.). A actividade consistirá en que cada crianza terá que sacar un papel e exemplificar a palabra a través de mímica.

Obxectivos da actividade

- Reeducar os estereotipos de xénero
- Incentivar a expresión corporal e a comunicación non verbal
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración

Materialais

- Unha caixa
- Folios ou cartolina
- Cores ou materiais para escribir

Actividade 3. A ROLDA DOS CONTOS

Descrición da actividade

Crearemos un conto improvisando colectivamente de maneira que cada crianza vaia engadindo partes á historia. Comezará a docente introducindo a unha nena protagonista que ten un gran soño, mais que debe superar varios obstáculos para logralo. Despois, daralle paso á primeira crianza para que continúe a historia, quizais explicando ese soño; a seguinte inventará o primeiro obstáculo, a seguinte a solución, e así ata completar a historia.

Obxectivos da actividade

- Reeducar os estereotipos de xénero
- Reforzar a escoita activa
- Estimular a creatividade e a expresión artística
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración

Materialais

- Ningún

Actividade 4. EXPERIMENTANDO

Descrición da actividade

Utilizaremos versións caseiras de experimentos realizados por mulleres para falar do papel destas na ciencia.


- **Os cristais de Sofía Kovalévskaya:** matemática e física rusa que estudou as propiedades dos cristais e a simetría na natureza. Colocaremos unha cullerada de sal en recipientes transparentes e a disolveremos en auga. Estes deben quedar quietos nun lugar durante varios días, onde observaremos como van medrando cristais de maneira natural.
- **Os fósiles de Mary Anning:** paleontóloga que pasou a súa vida buscando fósiles na praia, axudando a entender mellor a historia. Colleremos xoguete pequenos de plástico, pedras ou cunchas e enterrarémolos nunha caixa con



Sofía Kovalévskaya



Mary Anning



María Telkes



Ángela Ruiz

plastilina, area ou funny gummy. Darémoslles luvas e cepillos pequenos ás crianzas para que vaian descubrindo os fósiles pouco a pouco e con coidado.

- **A enerxía de María Telkes:** pioneira na investigación sobre a enerxía solar. Construiremos paneis solares con papel de aluminio e cartón e utilizaremos lupas ou lentes de aumento para dirixir a luz dunha lámpada e explicar como funciona a enerxía solar.
- **As historias de Ángela Ruiz:** inventora galega do precursor do libro electrónico coa súa *Enciclopedia Mecánica*. Contaremos a historia ás crianzas e animarémolas a debuxar ou deseñar como cren que serán os libros nun futuro.

Obxectivos da actividade

- Visibilizar referentes femininas
- Reeducar os estereotipos de xénero
- Estimular a creatividade e a expresión artística

Materiais

- Recipientes transparentes
- Sal
- Auga
- Area, plastilina ou funny gummy
- Xoguetes pequenos, cunchas ou pedras
- Papel de aluminio
- Cartón
- Lupa
- Lámpada
- Folios ou cartolinas
- Cores

Actividade 5. APRENDER A COIDAR

Descrición da actividade

Ao comezo do día asignaremos a cada crianza algo do que debe coidar, por exemplo, unha planta, un boneco da aula ou incluso unha compañeira ou compañeiro. Tamén poden ser responsables dalgunha tarefa, como ordenar ou vixiar que todo o mundo teña auga. Cando consideremos, sentarémonos a falar do que supuxo estar pendente destas cousas e das dificultades. Pode pechase a actividade despois da reflexión ou pode continuar, facendo un cambio de roles de maneira que cada crianza teña agora unha tarefa diferente.

Obxectivos da actividade

- Reeducar os estereotipos de xénero
- Reflexionar sobre as responsabilidades e a importancia dos coidados
- Fomentar o traballo en equipo e a colaboración

Materiais

- Ningún



Susana Rodríguez Gacio



Vero Boquete



Ana Peleteiro

Actividade 6. OLIMPIÁDAS

Descrición da actividade

Comezaremos contando historias de mulleres deportistas e deixaremos que cada crianza escolla que deporte quere practicar ou probar. Algúns serán individuais, outros por parellas e outros por equipos, dependendo do deporte. Faremos unha simulación das Olimpíadas na aula, onde cada crianza explicará o deporte que escolleu e por que e fará unha demostración ante o resto. Estes deportes, por suposto, poden ser olímpicos ou paralímpicos.

Algunhas ideas: Ana Peleteiro, Teresa Portela, Desirée Vila, Verónica Boquete, Nuria Bouza, Saleta Castro, Belén Toimil, Ester Navarrete, María de Valdés, Marta Domínguez, Susana Rodríguez Gacio, María Antonia Sanjurjo Aranaz, Irene González, Gloria Tapias.

Obxectivos da actividade

- Visibilizar referentes femininas
- Reeducar os estereotipos de xénero
- Incentivar a expresión corporal e a comunicación non verbal

Materialais

- Pelotas, cordas, raquetas, etc. No caso de non habelas, poderán debuxarse ou incluso utilizar a mímica como recurso

Actividade 7. A FESTA DOS SENTIDOS

Descrición da actividade

Crearemos unha pequena festa na que cada crianza deberá traer como convidadas representacións de cousas que as fagan sentir ben (xoguetes, debuxos, cancións, etc), explicando ao resto que sensacións boas lles provocan esas cousas e por que.



Obxectivos da actividade

- Favorecer a expresión emocional e o autocoñecemento
- Reforzar a escoita activa
- Ningún

Recursos

E ti, que científicas coñeces?: <https://exxperimentaenfeminino.webs.uvigo.es/libro-e-ti-que-cientificas-coneces/>

Mulleres no deporte: <https://playfem.es/mujeres-pioneras-del-deporte/>

Deportistas galegas: <https://igualdade.xunta.gal/gl/campanas/conecendo-nosas-deportistas>

Mulleres no Álbum de Galicia: <https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/coleccion.php?etiqueta=6437>

A Memoria das Mulleres: <https://www.dogrisaovioleta.gal/biografias/>

A Coruña das Mulleres: <https://acorunhadasmulles.gal/>

Anexo libros de texto #NoMoreMatildas: https://www.nomorematildas.com/pdf/encartes/Anexo_NoMoreMatildas_ga.pdf

Educación en igualdade: <http://www.educarenigualdad.org/>

Edukálboan: <https://www.edukalboan.org/es>

Educagenero: <http://educagenero.org/>

Alí. Recursos en galego para a educación infantil: <http://aliali.fabaloba.com>

Recursos do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado:

<https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>

Rede Educativa Apoio LGBTQ+ de Galicia: <https://rededucalgbtqi.org/>

Mapa de recursos de Aventura: <https://aventura.com/wp-content/uploads/2021/02/apa-de-recursoscompleto.pdf>

Material para a Coeducación da CIG ensino e AS-PG:

<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>

<https://as-pg.gal/aula-digital>

Compilación de materiais para todas as etapas de Orientación Andújar: <https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materialespara-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Unidade didáctica Os *Bolechas*: <https://igualdade.xunta.gal/gl/content/unidade-didactica-os-bolechas>

Libros

A canción do cambio, de Amanda Gorman

O meu corpo, de Ivankey e Mey

Pioneiras, de Anaír Rodríguez

Pioneiras 2, de Anaír Rodríguez

Pioneiras do deporte en Galicia, de Cristina López Villar

As mulleres que cultivaban néboas, de Bea Gregores

O teu corpo é teu, de Lucía Serrano

Vermella, de Sabela Losada

Os novos veciños, de Michael Genhar

Daniela e as mozas piratas, de Susanna Isern

Por que?, de Nikolai Popov

Rosa caramelo, de Adela Turin

Nos tratamos bien, de Lucía Serrano

O gran libro dos supertesouros, de Susanna Isern

Todas as cores do amor, de Alba Castellvi Miquel

Daniela Pirata, de Susanna Isern

Vivan as uñas de cores!, de Luis Amavisca e Alicia Acosta

O gran libro dos superpoderes, de Susanna Isern

Unha fábrica de bicos, de María Canosa

Teño dereitos, de Miguel Robledo

Daniela e as mulleres piratas da historia, de Susanna Isern

Agora somos tres, de Giorgio Valpe e Paolo Proietti

Isto non é unha selva, de Susanna Isern

O camiño, de María Luisa Núñez Álvarez
A boneca de Lucas, de Alicia Acosta e Luis Amavisca
Bágoas debaixo da cama, de Ana Meilán
Que será iso do amor, Minimoi?, de Rocío Bonilla
O monstro de cores, de Anna Llenas Serra
Teño dúas casas, de Cristina Justo
Oreillas de bolboreta, de Luisa Aguilar e André Neves
Artur e Clementina, de Adela Turín e Nella Bosnia
O corpo humano, de Mathilde Paris
Cando estala a tormenta, de Bea Taboada e Dani Padrón
Até as princesas soltan peidos, de Ilan Brenman

Vídeos e filmes

Vídeo Igualdad de género: <https://www.youtube.com/watch?v=iax2W9qAfK0>
 Conto *Vivan las uñas de colores*: https://www.youtube.com/watch?v=45ZVNAF2R_o
 Conto *Las aventuras de Minicornio*: https://www.youtube.com/watch?v=opQPG_NGxEY
 Conto *Lalo, el príncipe rosa*: <https://www.youtube.com/watch?v=Gr56pfgFTpQ>
 Conto *SuperLola*: <https://www.youtube.com/watch?v=LVAfqVM9qw>
 Conto *Daniela Pirata*: <https://www.youtube.com/watch?v=7sZs0wfrZvE>
 Serie *Steven Universe*
 Serie *Bluey*

8M 2025. Día internacional das mulleres traballadoras
Materiais para traballar nas aulas de Infantil.

Autora: LAURA VEIGA
 Xornalista, sexóloga e divulgadora

8M 2025

**Día internacional das
mulleres traballadoras**

